

# Colexio Santo Tomás

Soc. Coop. Galega

C.I.F.: F-36.018.067

TELÉFONOS: 986 33 76 14 – 625 01 19 39

A FLORIDA - TORNEIROS - O PORRIÑO

E-mail: cpr.santotomas@edu.xunta.gal

O Porriño, a 22 de maio de 2023

Estimadas familias:

Pola presente informámosos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por Orde do 10 de maio de 2023 regula a participación no **fondo solidario de libros de texto** e convoca **axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en **Ed. Primaria, Ed. Secundaria Obrigatoria e Educación Especial** en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 203/2024 (DOG de 19 de maio de 2022) (Código de procedemento ED330B)

## **FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:**

Para o alumnado matriculado en **3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria, e en 1º, 2º, 3º e 4º de Ed. Secundaria Obrigatoria.**

A asignación de libros de texto do fondo realizarase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias

## **AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:**

A contía da axuda para adquirir libros de texto será a seguinte para o alumnado matriculado en **1º e 2º de Ed. Primaria:**

1. Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 240 €
2. Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € : 160 €

Para o alumnado matriculado en **EE** a contía das axudas será de 300 €.

## **AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:**

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado o alumnado matriculado en **Ed. Primaria e en Ed. Secundaria Obrigatoria** será a seguinte:

1. Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 75 €
2. Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € : 60 €

O alumnado de **Educación Especial** será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

## **RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR**

A **renda per cápita familiar** é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando presentase declaración do imposto sobre a renda no exercicio fiscal 2020, sumaranse os recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

## **MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR**

Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados
- c) Os fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) **Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.**

- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable a persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2021.

## OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiaria de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto terán, entre outras, as seguintes obrigas:

1. **Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2022/23** (Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP e o alumnado de EE sempre que os libros ou o material non se poidan reutilizar).
2. **Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable** recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2023/2024 e devolvelos ao rematar este no mes de xuño.

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- Poderán presentar solicitudes (PERSONA SOLICITANTE) os **pais, nais , titores ou representantes legais** do alumnado.
- **A solicitude será única para todos os fillos** e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2023/24, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro.
- As solicitudes **presentaranse preferiblemente por vía electrónica** no formulario normalizado (ED330B-anexo I e II) dispoñibles na aplicación informática "fondolibros" (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación electrónica de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365.

Opcionalmente, poderá presentar as solicitudes **presencialmente** nos centros docentes.

- O formulario de solicitude tamén estará dispoñible no centro educativo.
- A solicitude deberá estar **asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal** do alumnado.

## DOCUMENTACIÓN

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude **(anexo I)** a seguinte documentación:

- a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar) **(TODOS)**
- b) **Copia do Libro de Familia** ou documento equivalente, onde figuren todos os membros computables da unidade familiar.

No caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a **sentenza xudicial ou convenio regulador**

Excepcionalmente poderán acreditar o número de membros utilizando algún dos seguintes medios:

- Certificado ou volante de convivencia
  - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- c) **Certificado do grao de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia

## PRAZO PARA PRESENTAR SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes iníciase o día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia e **rematará o día 21 de xuño de 2023.**